

A CORUÑA, NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

COMITÉ DE APELACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN

**RESOLUCIÓN DO RECURSO DE APELACIÓN INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN
DO XUÍZ ÚNICO DA FEGAN NO EXPEDIENTE ACTA N° 16-2026
TEMPADA 2025-26**

Competición: LIGA GALEGA ABSOLUTA DH 25/26

Equipos participantes: C.W. LUGO - R.C. NÁUTICO DE VIGO

Día e hora do encontro: 10-5-26; 10:30 horas.

Recorrentes: D. JORGE MONGRELL LASIERRA e C.W. LUGO.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 29 de maio de 2026, o Xuíz Único da Federación Galega de Natación ditou resolución no expediente sancionador Acta nº 16-2026 / Tempada 2025-26, relativo ao encontro disputado o día 10 de maio de 2026 entre o C.W. LUGO e o R.C. NÁUTICO DE VIGO, correspondente á Liga Galega Absoluta DH 25/26.

Na dita resolución declarouse acreditado, con base no anexo da acta arbitral, que antes do inicio do partido o xogador local D. Jorge Mongrell Lasierra se achegou á mesa para indicar que tiña autorización da RFEN para o cambio de licenza, por levar toda a tempada xogando noutra Comunidade Autónoma, e que estaba á espera da autorización autonómica; que se lle permitiu xogar advertíndolle das posibles consecuencias; e que o devandito xogador non tiña licenza en Clupik, polo que xogou co número 4 en nome de Pol Roson Álvarez.

SEGUNDO.- A resolución recorrida impuxo a D. JORGE MONGRELL LASIERRA, como autor dunha infracción moi grave do artigo 5.I.3.b do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, sanción consistente en inhabilitación temporal para participar en competicións da FEGAN por dúas tempadas deportivas.

Así mesmo, impuxo ao C.W. LUGO, como responsable dunha infracción moi grave do artigo 5.I.3.c do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, en relación coa utilización dun deportista que non cumpría os requisitos xerais do réxime de licenzas, sanción consistente na perda do encontro disputado fronte ao R.C. NÁUTICO DE VIGO, manténdose o resultado final favorable ao R.C. NÁUTICO DE VIGO por 9-14, así como multa de seiscentos euros (600 €).

TERCEIRO.- Fronte á devandita resolución interpúxose recurso de apelación por D. Jorge Mongrell Lasierra e por D. Javier Escribano López, en representación do C.W. LUGO, solicitando a anulación das sancións impostas ou, subsidiariamente, a súa redución ao grao mínimo ou a cualificación dos feitos como infracción leve.

No recurso alegan, en síntese:

- a) A ausencia de dolo ou vontade fraudulenta, ao ter o xogador comunicado antes do inicio do encontro a súa situación administrativa.
- b) A existencia dun procedemento previo ante a RFEN relativo ao cambio de licenza do deportista.
- c) A existencia de resolución da Xueza de Conflictos da RFEN, de data 7 de maio de 2026, pola que se declaraba que o deportista tiña liberdade para solicitar licenza polo C.W. Lugo para a tempada 2025-2026.
- d) A vulneración do principio de proporcionalidade pola imposición dunha sanción de dúas tempadas ao xogador.
- e) A improcedencia ou exceso da sanción imposta ao C.W. LUGO, especialmente tendo en conta que o resultado do encontro foi desfavorable para o devandito club.
- f) A insuficiencia do prazo de dous días concedido no trámite de audiencia para achegar a documentación relativa á RFEN.

CUARTO.- Xunto co recurso achégase documentación relativa ao procedemento seguido ante a RFEN, entre a que consta comunicación de data 24 de abril de 2026 pola que se informa da apertura de expediente de conflito de licenza respecto do deportista D. Jorge Mongrell Lasierra, así como resolución da Xueza de Conflictos da RFEN de data 7 de maio de 2026, na que se declara que o deportista ten liberdade para solicitar licenza polo Club Waterpolo Lugo para a presente tempada 2025-2026.

Así mesmo, consta correo electrónico de Secretaría da FEGAN de data 8 de maio de 2026 no que se indica ao C.W. LUGO que, unha vez resolta a cuestión pola RFEN, o deportista debía solicitar a través de FEDERATIO a licenza polo C.W. Lugo "como un trámite normal de cualquier licencia".

QUINTO.- Os recorrentes interesan igualmente que se teña en consideración o criterio seguido polo Xuíz Único noutras resolucións sancionadoras da mesma data, en particular as correspondentes ás Actas nº 15-2026 e nº 17-2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO.- Competencia do Comité de Apelación.

O Comité de Apelación da Federación Galega de Natación é competente para coñecer e resolver o presente recurso, de conformidade cos artigos 16, 17 e 35 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN. O artigo 16 establece que os órganos disciplinarios da FEGAN son, en primeira instancia, o Comité de Competición ou Xuíz Único, e, en segunda instancia, o Comité de Apelación.

O artigo 17.2 atribúe ao Comité de Apelación da FEGAN a condición de órgano xurisdiccional de rango superior e última instancia federativa, encargado de resolver os recursos que se interpoñan contra as decisións do Comité de Competición.

O recurso foi interposto fronte a resolución ditada polo Xuíz Único da FEGAN, polo que procede entrar no exame das alegacións formuladas.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO.- Obxecto do recurso e feitos non controvertidos.

O presente recurso non discute de maneira eficaz o feito nuclear sobre o que se fundamentou a resolución recorrida: que D. Jorge Mongrell Lasierra participou no encontro C.W. LUGO - R.C. NÁUTICO DE VIGO, disputado o día 10 de maio de 2026, sen figurar con licenza federativa FEGAN en vigor no sistema Clupik e xogando co número 4 en nome de Pol Roson Álvarez.

A documentación achegada polos recorrentes acredita a existencia dun procedemento previo ante a RFEN para permitir o cambio de club do deportista, así como a resolución favorable da RFEN para que o xogador puidese solicitar licenza polo C.W. Lugo. Non obstante, esa documentación non acredita que, no momento de disputarse o encontro, o xogador tivese xa licenza federativa FEGAN en vigor, validada e operativa para participar en competición territorial.

A resolución da RFEN non equivale a expedición automática dunha licenza autonómica válida para competir na FEGAN. O seu alcance é outro: declarar que o deportista tiña liberdade para solicitar licenza polo Club Waterpolo Lugo. Precisamente por iso, a Secretaría da FEGAN comunicou ao club, o día 8 de maio de 2026, que o deportista debía solicitar a través de FEDERATIO a licenza polo C.W. Lugo como un trámite normal de calquera licenza.

En consecuencia, a documentación achegada en vía de recurso non desvirtúa o feito esencial declarado probado pola resolución recorrida: a participación efectiva dun deportista que non tiña licenza FEGAN operativa e que, ademais, participou baixo o número e nome doutro xogador.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCEIRO.- Normativa aplicable sobre licenzas e participación en competición FEGAN.

A Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/26, Circular 25-43, establece no seu apartado 2, relativo ás licenzas, que as licenzas

dos xogadores, adestradores e delegados deberán ser tramitadas como mínimo oito días naturais antes do comezo da competición de cada categoría.

A mesma norma engade expresamente que os xogadores que presenten a licenza con posterioridade non poderán xogar ata que non aparezan na relación oficial de xogadores.

O apartado 2.1 da Circular 25-43 establece, ademais, que será requisito imprescindible que o deportista dispoña de licenza federativa en vigor.

O apartado 8.1.1 da devandita normativa dispón que os equipos deberán inscribir no programa Clupik o listado de xogadores e corpo técnico cun mínimo de quince minutos de antelación antes do inicio do encontro.

Polo tanto, no sistema normativo aplicable á competición territorial de waterpolo da FEGAN non abonda con que exista unha resolución RFEN que permita solicitar licenza por outro club, nin tampouco cunha expectativa de validación posterior. Para poder participar no encontro era preciso que o deportista dispuxese de licenza federativa en vigor e que figurase na relación oficial correspondente.

Tal requisito non se cumpría no caso examinado.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO.- Sobre a alegación de ausencia de dolo ou fraude.

Os recorrentes alegan que D. Jorge Mongrell Lasierra non actuou con dolo nin vontade de fraude, posto que comunicou a súa situación antes do inicio do encontro.

Este Comité non descoñece que a comunicación previa realizada polo xogador ante a mesa constitúe un dato relevante para a valoración global da conduta. Agora ben, esa circunstancia non elimina a infracción nin converte en lícita a participación dun deportista que non tiña licenza federativa FEGAN en vigor.

A ausencia de ocultación absoluta non exclúe a responsabilidade disciplinaria cando o deportista coñecía que estaba pendente de autorización autonómica, que non figuraba en Clupik, que non aparecía na relación oficial de xogadores e que, malia iso, participou no partido baixo o número e nome doutro xogador.

Resulta especialmente relevante que a propia comunicación previa recollida no anexo da acta pon de manifesto que o xogador era consciente da situación irregular ou, cando menos, da existencia dunha dúbida real sobre a súa habilitación para participar. A acta recolle tamén que se lle advertiu das posibles consecuencias, entre elas a perda do partido e a sanción, se a información non era correcta.

A boa fe invocada polos recorrentes pode explicar a causa da actuación, pero non permite descoñecer a norma aplicable nin deixar sen consecuencia disciplinaria unha participación producida sen licenza federativa válida e baixo a identidade deportiva doutro xogador.

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO.- Tipificación da conduta do deportista.

O artigo 5.I.3.b do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN tipifica como infracción moi grave, no ámbito do réxime de licenzas, "a actuación nunha proba ou competición sen tramitar a correspondente licenza deportiva".

No presente caso, D. Jorge Mongrell Lasierra actuou nunha competición oficial territorial da FEGAN sen constar con licenza federativa en vigor na relación oficial de xogadores e sen figurar no sistema Clupik como xogador habilitado do C.W. Lugo para o encontro.

Non se está ante unha simple falta formal de exhibición documental nin ante a non presentación dunha licenza posteriormente comprobada como xa tramitada. Se ese fose o caso, podería examinarse a eventual aplicación do artigo 7.I.3.a do Libro III, relativo á infracción leve consistente na non presentación dunha licenza comprobándose posteriormente que estaba tramitada.

Pero ese non é o suposto aquí examinado. O xogador non aparecía na relación oficial, non figuraba en Clupik e xogou co número e nome doutro deportista. A resolución da RFEN achegada co recurso non era unha licenza FEGAN, senón unha autorización para solicitar licenza polo club de destino.

A cualificación como infracción moi grave é, por tanto, conforme co artigo 5.I.3.b do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEXTO.- Tipificación da conduta do club.

O artigo 5.I.3.c do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN tipifica como infracción moi grave "a utilización por Clubs e Entidades deportivas de deportistas que non cumpran os requisitos xerais do réxime de licenzas".

Así mesmo, o artigo 5.II.a do mesmo texto, aplicable especificamente aos estamentos da modalidade de wáter-polo, considera infracción moi grave a aliñación indebida, entendida como a participación ou utilización de deportistas incumprindo as regras de idades ou calquera outras normas referidas a devandito réxime.

O C.W. Lugo utilizou nun encontro oficial a un deportista que non cumpría os requisitos xerais do réxime de licenzas, pois non figuraba con licenza FEGAN en vigor nin na relación oficial de xogadores. Ademais, a utilización produciuse baixo o número e nome doutro xogador, circunstancia que reforza o carácter disciplinariamente relevante da conduta.

A responsabilidade do club non queda excluída pola existencia dunha resolución previa da RFEN, xa que a devandita resolución non habilitaba por si soa para participar nunha competición territorial da FEGAN. Tampouco queda excluída pola alegación de que o club entendese que a licenza podía quedar validada automaticamente, pois a propia Secretaría da FEGAN indicara expresamente o día 8 de maio que debía solicitarse a licenza en FEDERATIO como un trámite ordinario.

En consecuencia, a sanción imposta ao C.W. Lugo atópase amparada polo tipo específico previsto no artigo 5.I.3.c do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN.

FUNDAMENTO DE DEREITO SÉTIMO.- Inexistencia de dobre sanción prohibida.

Os recorrentes sosteñen que a imposición ao club dunha multa de 600 €, xunto coa perda do encontro, supón unha dobre penalización

excesiva. Debe rexeitarse tal alegación. O artigo 3 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN recolle, entre os principios aplicables, a inexistencia de dobre sanción polos mesmos feitos. Agora ben, no presente caso non se sanciona dúas veces ao mesmo suxeito pola mesma infracción baixo idéntico título.

A sanción imposta ao deportista responde á súa actuación nunha competición sen licenza federativa FEGAN en vigor. A sanción imposta ao club responde á utilización por este dun deportista que non cumpría os requisitos xerais do réxime de licenzas. Trátase de responsabilidades diferenciadas, de suxeitos distintos e con fundamento disciplinario propio.

En canto á acumulación da perda do encontro e da multa, o artigo 8 do Libro III prevé expresamente, entre as sancións aplicables aos clubs, a perda do encontro ou eliminatoria e a multa. Pola súa parte, o artigo 9.I inclúe, entre as sancións por infraccións moi graves, as multas non inferiores a 600 € nin superiores a 6.000 €, así como a perda do partido, descenso de categoría ou división ou perda de postos na clasificación.

Ademais, o artigo 10.2 do Libro III establece que, para unha mesma infracción, poderán impoñerse multas de modo simultáneo a calquera outra sanción de distinta natureza, sempre que estean previstas para a categoría da infracción de que se trate e que, en conxunto, resulten congruentes coa gravidade desta.

A resolución recorrida impuxo a multa no seu mínimo regulamentario, precisamente tendo en conta as circunstancias concorrentes e a necesidade de manter unha resposta proporcionada. Non existe, por tanto, vulneración da prohibición de dobre sanción nin exceso sancionador que determine a revogación da resolución.

FUNDAMENTO DE DEREITO OITAVO.- Sobre o principio de proporcionalidade.

O principio de proporcionalidade esixe que a sanción garde correspondencia coa gravidade da infracción, coas circunstancias concorrentes e cos efectos producidos.

A resolución recorrida xa ponderou expresamente as circunstancias favorables aos interesados, en particular que o propio xogador puxo en coñecemento da mesa a existencia dunha autorización da RFEN e que estaba pendente da autorización autonómica. Precisamente por iso impuxo a sanción persoal no seu grao mínimo regulamentariamente previsto para as infraccións moi graves.

O artigo 9.I.d do Libro III prevé, para infraccións moi graves, a suspensión ou inhabilitación temporal de dúas a cinco tempadas. A resolución recorrida impuxo a sanción de dúas tempadas, é dicir, o mínimo previsto dentro da categoría aplicable.

Do mesmo xeito, respecto do C.W. Lugo, impúxose a multa de 600 €, que tamén constitúe o mínimo previsto no artigo 9.I.e para as infraccións moi graves, xunto coa perda do encontro.

Non pode acollerse a pretensión de recalificación como infracción leve por razóns de proporcionalidade, pois a proporcionalidade opera na determinación da sanción dentro do marco legal aplicable, pero non permite alterar artificialmente a tipificación cando os feitos encaixan de maneira directa nun tipo expresamente cualificado como moi grave.

Neste caso, a participación dun deportista sen licenza federativa en vigor, fóra da relación oficial, e baixo o número e nome doutro xogador, non constitúe unha irregularidade meramente formal. Afecta ao núcleo do réxime de licenzas, á regularidade da competición, á identificación dos participantes e á igualdade entre clubs.

A circunstancia de que o C.W. Lugo perdese o encontro por 9-14 tampouco exclúe a infracción nin impide a sanción. A aliñación ou utilización indebida non queda condicionada á obtención dun resultado deportivo favorable. A infracción existe polo feito de utilizar en competición oficial a un deportista que non cumpría os requisitos federativos necesarios para participar.

FUNDAMENTO DE DEREITO NOVENO.- Sobre a alegada insuficiencia do prazo de audiencia.

Os recorrentes alegan que o prazo de dous días outorgado para formular alegacións foi insuficiente para achegar a documentación da RFEN.

O artigo 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN establece que, no procedemento ordinario, en ningún caso poderá prescindirse do trámite de audiencia ao interesado, que se verificará por escrito nos dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión do feito, ou en calquera outra forma que asegure o seu cumprimento e o normal funcionamento da competición.

O prazo concedido foi, por tanto, o previsto regulamentariamente para o procedemento ordinario propio das incidencias de competición.

Ademais, non se aprecia indefensión material. A documentación achegada co recurso xa estaba en poder dos recorrentes con anterioridade á resolución sancionadora: a comunicación de apertura do conflito de licenza é de 24 de abril de 2026, a resolución RFEN é de 7 de maio de 2026 e o correo da Secretaría da FEGAN é de 8 de maio de 2026.

Pese a iso, nin o deportista nin o club formularon alegacións no trámite conferido polo Xuíz Único. La vía de recurso non pode converterse nun mecanismo para suplir a inactividade previa cando os documentos eran coñecidos e estaban dispoñibles antes de ditarse a resolución.

En todo caso, mesmo valorando agora a documentación achegada, esta non altera a conclusión disciplinaria, pois acredita unha autorización para solicitar licenza, pero non unha licenza FEGAN en vigor nin a inclusión do deportista na relación oficial de xogadores no momento do encontro.

FUNDAMENTO DE DEREITO DÉCIMO.- Sobre as resolucións ditadas nas Actas nº 15-2026 e nº 17-2026.

Os recorrentes interesan que se teña en consideración o criterio seguido polo Xuíz Único noutras resolucións sancionadoras.

A resolución correspondente á Acta nº 15-2026 non resulta comparable co presente suposto. Aquel expediente versaba sobre unha expulsión disciplinaria definitiva dun xogador, sancionada conforme ao apartado 5.3.3 da Circular 25-43, que establece para a primeira expulsión definitiva a sanción dun partido. Trátase dun suposto de disciplina de xogo ordinaria, con normativa sancionadora específica

distinta da aplicable ao réxime de licenzas e á aliñación indebida.

Tampouco resulta trasladable a resolución correspondente á Acta nº 17-2026. Nese expediente o arquivo respondeu á inexistencia de proba suficiente sobre a expresión denunciada, xa que a colexiada non a escoitara, o xogador denunciado a negaba e non existía corroboración periférica bastante.

No presente caso, pola contra, o feito esencial está obxectivamente documentado e non foi desvirtuado: o deportista non figuraba con licenza FEGAN en vigor en Clupik/relación oficial e participou no encontro baixo o número e nome doutro xogador.

As resolucións invocadas non evidencian contradición de criterio nin tratamento desigual, senón a aplicación diferenciada da normativa a supostos distintos: cando non existe proba suficiente, procede o arquivo; cando a infracción está acreditada e ten encaixe típico expreso, procede a sanción correspondente.

FUNDAMENTO DE DEREITO DÉCIMO PRIMEIRO.- Confirmación da resolución recorrida.

Á vista de todo o exposto, o recurso non achega elementos que permitan revogar, anular ou modificar a resolución recorrida.

A documentación RFEN achegada polos recorrentes acredita que D. Jorge Mongrell Lasierra podía solicitar licenza polo C.W. Lugo, pero non acredita que tivese licenza federativa FEGAN en vigor nin que estivese habilitado para participar no encontro do día 10 de maio de 2026.

A actuación do deportista encaixa no artigo 5.I.3.b do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, e a actuación do club encaixa no artigo 5.I.3.c do mesmo texto, en relación coa normativa específica de waterpolo sobre aliñación indebida.

A sanción persoal imposta ao xogador é a mínima prevista para as infraccións moi graves. A sanción económica imposta ao club é igualmente a mínima prevista para esa categoría de infracción. A perda do encontro está expresamente prevista no réxime sancionador aplicable a clubs, sen que o resultado desfavorable previamente producido elimine a procedencia da sanción disciplinaria.

Procede, en consecuencia, desestimar integralmente o recurso de apelación e confirmar a resolución impugnada.

RESOLUCIÓN

Por todo o exposto, o **COMITÉ DE APELACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN RESOLVE:**

PRIMEIRO.- DESESTIMAR o recurso de apelación interposto por D. JORGE MONGRELL LASIERRA e polo C.W. LUGO contra a resolución do Xuíz Único da FEGAN de data 29 de maio de 2026, ditada no expediente sancionador Acta nº 16-2026 / Tempada 2025-26.

SEGUNDO.- CONFIRMAR integralmente a resolución recorrida, mantendo a sanción imposta a D. JORGE MONGRELL LASIERRA, consistente en SANCIÓN MOI GRAVE de INHABILITACIÓN TEMPORAL PARA PARTICIPAR EN COMPETICIÓNS DA FEGAN POR DÚAS TEMPADAS DEPORTIVAS.

TERCEIRO.- CONFIRMAR integralmente a sanción imposta ao C.W. LUGO, consistente en SANCIÓN MOI GRAVE de PERDA DO ENCONTRO disputado o día 10 de maio de 2026 fronte ao R.C. NÁUTICO DE VIGO, manténdose o resultado final favorable ao R.C. NÁUTICO DE VIGO por 9-14, así como MULTA DE SEISCENTOS EUROS (600 €).

CUARTO.- Notifíquese a presente resolución a D. JORGE MONGRELL LASIERRA, ao C.W. LUGO, ao R.C. NÁUTICO DE VIGO e aos órganos federativos correspondentes.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de quince días hábiles, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

A CORUÑA, NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS
COMITÉ DE APELACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN